

MEMORIA DAS ACTIVIDADES DO INSTITUTO DE MEDICINA LEGAL DE GALICIA –Imelga-

ANO 2021

Índice

Introdución

Presentación.....	3-4
Distribución territorial e de persoal	5-12

Memoria do Servizo de Clínica forense

Presentación	13-14
Pericia médica	15-24
Pericia psicolóxica e social, introdución e datos xerais	25
Pericia psicolóxica	26-28
Pericia de traballo social	29-31

Memoria do Servizo de Patoloxía forense

Presentación e datos globais 2021.....	32-34
--	-------

Datos por Subdireccións

A Coruña	35
Ferrol	36
Lugo	37
Ourense	38
Pontevedra	39
Santiago de Compostela	40
Vigo	41

Estudo da morte violenta en patoloxía forense	42
– Morte homicida	43
– Morte suicida	44-48
– Morte accidental	49
– Estudo das mortes en accidentes de tráfico	50-56

Memoria de unidade de antropoloxía forense	57-58
--	-------

Actividade docente, investigación científica e colaboracións	59
--	----

INTRODUCCIÓN

O instituto de Medicina Legal de Galicia, Imelga, concentra a pericia pública oficial médico legal, de psicoloxía e traballo social forense. Está estruturado en sete Subdireccións Territoriais: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo. Toda a súa actividade organízase en torno a dous grandes servizos, o Servizo de Patoloxía Forense e o Servizo de Clínica Forense.

O Servizo de Patoloxía forense concentra a actividade relacionada coa investigación xudicial da morte. O seu campo propio de actuación é o da morte violenta e a sospeitosa de criminalidade, pero determinados factores normativos, estruturais e funcionais, fan que, na práctica cotiá, o médico forense interveña en moitos casos de morte natural.

O Servizo de Clínica forense, pola súa banda, abarca todas as outras pericias médicas, psicolóxicas ou de traballo social que son demandadas por Xuíces, Tribunais e Fiscalía. A este Servizo corresponde tamén a pericia que fan as unidades de valoración integral da violencia de xénero e a pericia psicosocial en materia de familia.

A pericia médica dentro do ámbito da Clínica médico forense, divídese principalmente en dúas áreas, unha de valoración principalmente física e outra de valoración principalmente psiquiátrica. Se ben en cada área poden presentarse cuestións de toda índole, no primeiro grupo destacan as pericias sobre valoración de lesións, da capacidade psicofísica e o estado de saúde, en relación con diversas situacións (capacidade laboral, dependencia, excarceracións, capacidade para realizar traballos en servizo da comunidade ou de cumpriren outro tipo de penas, etc.); no campo da Psiquiatría forense a valoración en relación coa imputabilidade, a capacidade de obra e necesidade de medidas de apoio por discapacidade), ó dano psíquico das vítimas de delitos, as diversas pericias en torno ós trastornos por dependencia e os internamentos psiquiátricos ou residenciais, concentran a maior parte do traballo.

Pola súa banda, a pericia no campo da psicoloxía e do traballo social forense, concéntrase principalmente nos asuntos de familia. Nesta materia psicólogos e traballadores sociais actúan de forma conxunta como equipos psicosociais. Tamén se integran, xunto cun médico forense experto, nas unidades de valoración integral de violencia de xénero.

Neste 2021 as modificacións legislativas están a incrementar o traballo dos equipos psicosociais no relativo as probas preconstituídas. A *“Ley Orgánica 8/2021, de 4 de junio, de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia”* e concretamente a modificación da Ley de Enjuiciamiento criminal no artigo 449ter refírese a participación dos equipos psicosociais nas probas preconstituídas integrando desta forma a estes profesionais neste tipo de pericias que solicítanse tanto no ámbito do abuso/ agresión sexual a menores ou discapacitados como no ámbito da violencia. Os psicólogos forenses, teñen pericias específicas, que realizan de xeito independente, como a credibilidade da testemuña en menores vítimas de abuso sexual, ou a valoración do dano psicolóxico. As pericias exclusivas de traballo social ata agora eran menos frecuentes, pero as modificacións legislativas e concretamente a *“Ley 8/2021, de 2 de junio, por la que se reforma la legislación civil y procesal para el apoyo a las personas con discapacidad en el ejercicio de su capacidad jurídica”*, contempla ó traballador social como profesional de referencia na intervención con persoas con discapacidade polo que estamos a ver un aumento da demanda que se reflectirá mais claramente nos anos vindeiros.

En base o exposto se prevé una maior demanda global da actuación dos equipos psicosociais

Ademais dos peritos, o Imelga o integran persoal funcionario dos corpos xerais e persoal auxiliar de autopsias. Os primeiros, como responsables da tramitación e xestión de todos os actos ligados a realización das probas periciais e, os segundos, como persoal técnico colaborador do médicoforense, no campo da Patoloxía forense.

O ámbito de actuación do Imelga é a Comunidade Autónoma de Galicia. Conta con 65 médicos forenses, 17 psicólogos, 17 traballadores sociais, 21 funcionarios dos corpos xerais e 15 auxiliares de autopsia cunha distribución territorial que se expón a continuación.

Distribución territorial e persoal do Imelga

Os seguintes cadros van a amosar as características territoriais e de poboación, así como a dotación de persoal das distintas Subdireccións do Imelga. No primeiro cadro amósanse os partidos xudiciais e municipios que integran os partidos xudiciais que corresponden a cada Subdirección e, a continuación os datos de superficie e poboación do territorio e o número de efectivos.

SUBDIRECCIÓN DE A CORUÑA				
Partidos Xudiciais		4	Municipios	39
A Coruña			A Coruña	
			Arteixo	
			Cambre	
			Carral	
			Cerceda	
			Culleredo	
			Oleiros	
Betanzos			Abegondo	
			Aranga	
			Bergondo	
			Betanzos	
			Coirós	
			Curtis	
			Irixoa	
			Miño	
			Monfero	
			Oza-Cesuras	
			Paderne	
			Pontedeume	
			Sada	
			Sobrado	
			Vilarmaior	
Vilasantar				
Carballo			A Laracha	
			Cabana de Bergantiños	
			Carballo	
			Coristanco	
			Laxe	
			Malpica de Bergantiños	
			Ponteceso	
Corcubión			Camariñas	
			Cee	
			Corcubión	
			Dumbría	
			Fisterra	
			Muxía	
			Vimianzo	
			Zas	
Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro . Fonte INE 23/12/2021)			565.528 habitantes	
Superficie			3.034,90 km²	

Persoal: 12 médicos forenses, 3 psicólogos, 3 traballadores sociais, 4 funcionarios dos corpos xerais (3 tramitadores e un auxilio xudicial) e 3 auxiliares de autopsia.

SUBDIRECCIÓN DE FERROL			
Partidos Xudiciais	2	Municipios	18
Ferrol		A Capela	
		As Pontes de García Rodríguez	
		As Somozas	
		Ares	
		Cabanas	
		Fene	
		Ferrol	
		Mugardos	
		Narón	
		Neda	
		San Sadurniño	
		Valdoviño	
Ortigueira		Cariño	
		Cedeira	
		Cerdido	
		Mañón	
		Moeche	
		Ortigueira	
Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro . Fonte INE 23/12/2021)		177.630 habitantes	
Superficie		1.354,90 km ²	

Persoal: 5 médicos forenses, 2 psicólogos, 2 traballadores sociais, 2 funcionarios dos corpos xerais (1tramitador e 1 auxilio), 2 auxiliares de autopsia.

SUBDIRECCIÓN DE LUGO			
Partidos Xudiciais	9	Municipios	67
A Fonsagrada		A Fonsagrada	
		Baleira	
		Navia de Suarna	
		Negueira de Muñiz	
		Ribeira de Piquín	
Becerreá		As Nogais	
		Baralla	
		Becerreá	
		Cervantes	
		Pedrafita do Cebreiro	
		Triacastela	
Chantada		Antas de Ulla	
		Carballedo	
		Chantada	
		Monterroso	
		Palas de Rei	
		Portomarín	
		Taboada	
Lugo		Castro de Rei	
		Castroverde	
		Friol	

	Guntín
	Lugo
	Meira
	O Corgo
	Outeiro de Rei
	Pol
	Rábade
Mondoñedo	A Pastoriza
	A Pontenova
	Abadín
	Alfoz
	Barreiros
	Lourenzá
	Mondoñedo
	O Valadouro
	Ribadeo
	Riotorto
	Trabada
Monforte de Lemos	A Pobra do Brollón
	Bóveda
	Folgoso do Courel
	Monforte de Lemos
	Pantón
	O Saviñao
	Quiroga
	Ribas de Sil
	Sober
Sarria	Láncara
	O Incio
	O Páramo
	Paradela
	Samos
	Sarria
Vilalba	Begonte
	Cospeito
	Guitiriz
	Muras
	Vilalba
	Xermade
Viveiro	Burela
	Cervo
	Foz
	O Vicedo
	Ouro
	Viveiro
	Xove
Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro . Fonte INE 23/12/2021)	326.013 habitantes
Superficie	9.858Km²

Persoal: 8 médicos forenses, 2 psicólogos, 2 traballadores sociais, 2 funcionarios dos corpos xerais (1 tramitador e 1 auxilio xudicial), 2 auxiliares de autopsia.

SUBDIRECCIÓN DE OURENSE		
Partidos Xudiciais	9	Municipios 99
A Pobra de Trives		A Pobra de Trives
		A Teixeira
		Castro Caldelas
		Chandrexa de Queixa
		Larouco
		Manzaneda
		Montederramo
		O Bolo
		San Xoán de Río
		Viana do Bolo
		Vilarinho de Conso
Bande		Bande
		Calvos de Randín
		Entrimo
		Lobeira
		Lobios
		Muiños
		Padrenda
		Verea
Celanova		A Bola
		A Merca
		Cartelle
		Celanova
		Gomesende
		Quintela de Leirado
		Ramirás
O Barco de Valdeorras		A Rúa
		A Veiga
		Barco de Valdeorras
		Carballeda de Valdeorras
		Petín
		Rubiá
		Vilamartín de Valdeorras
O Carballiño		Beariz
		Boborás
		Maside
		O Carballiño
		O Irixo
		Piñor
		Punxín
		San Amaro
		San Cristovo de Cea
Ourense		A Peroxa
		Allariz
		Amoeiro
		Baños de Molgas
		Barbadás
		Coles
		Esgos
		Maceda
		Nogueira de Ramunín
		O Pereiro de Aguiar
		Ourense
		Paderne

	Paradas de Sil
	San Cibrao das Viñas
	Taboadela
	Toén
	Vilamarín
	Xunqueira de Ambía
	Xunqueira de Espadanedo
Ribadavia	A Arnoia
	Avión
	Beadé
	Carballeda de Avia
	Castrelo de Miño
	Cenlle
	Cortegada
	Leiro
	Melón
	Pontedeva
	Ribadavia
Verín	A Gudiña
	A Mezquita
	Castrelo do Val
	Cualedro
	Laza
	Monterrei
	Oímbra
	Riós
	Verín
	Vilardevós
Xinzo de Limia	Baltar
	Porqueira
	Os Blancos
	Rairiz de Veiga
	Sandiás
	Sarreaus
	Trasmiras
	Vilar de Barrio
	Vilar de Santos
	Xinzo de Limia
Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro . Fonte INE 23/12/2021)	305.223 habitantes
Superficie	7.273 Km²

Persoal: 8 médicos forenses, 2 psicólogos, 2 traballadores sociais, 2 funcionarios dos corpos xerais (1 tramitador e 1 auxilio xudicial), 2 auxiliares de autopsia.

SUBDIRECCIÓN PONTEVEDRA			
Partidos Xudiciais	6	Municipios	28
Caldas		Barro	
		Caldas	
		Campolameiro	
		Cuntis	
		Moraña	
		Pontecesures	
		Portas	
		Valga	

Cambados	Cambados
	Meaño
	Meis
	O Grove
	Ribadumia
	Sanxenxo
Cangas	Cangas
	Moaña
	Vilaboa
Marín	Bueu
	Marín
Pontevedra	A Lama
	Cotobade
	Poio
	Pontecaldelas
	Pontevedra
Vilagarcía de Arousa	A Illa de Arousa
	Catoira
	Vilagarcía de Arousa
	Vilanova de Arousa
Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro . Fonte INE 23/12/2021)	349.384 habitantes
Superficie	1.298,61 km²

Persoal: 8 médicos forenses, 2 psicólogo, 2 traballadores sociais, 3 funcionarios dos corpos xerais (2 tramitadores e 1 auxilio xudicial), 2 auxiliares de autopsia.

SUBDIRECCIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA			
Partidos Xudiciais	10	Municipios	46
A Estrada		A Estrada	
		Cerdedo	
		Forcarei	
Arzúa		Arzúa	
		Boimorto	
		Melide	
		O Pino	
		Santiso	
		Toques	
		Touro	
Lalín		Agolada	
		Dozón	
		Lalín	
		Rodeiro	
		Silleda	
		Vila de Cruces	
Muros		Carnota	
		Mazaricos	

	Muros
	Outes
Negreira	A Baña
	Brión
	Negreira
	Santa Comba
Noia	Lousame
	Noia
	Porto do Son
Ordes	Frades
	Mesía
	Ordes
	Oroso
	Tordoia
	Trazo
	Val do Dubra
Padrón	Dodro
	Padrón
	Rianxo
	Rois
Ribeira	A Pobra
	Boiro
	Ribeira
Santiago de Compostela	Ames
	Boqueixón
	Santiago
	Teo
	Vedra
Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro . Fonte INE 23/12/2021)	442.012 habitantes
Superficie	4857,06 Km²

Persoal: 12 médicos forense (1 dedicado as tarefas de dirección e 1 de reforzo), 3 psicólogos, 3 traballadores sociais, 4 funcionarios dos corpos xerais , 3 tramitadores (1 actuando como secretario do Instituto, 1 como reforzo) 1 auxilio, 2 auxiliares de autopsia.

SUBDIRECCIÓN DE VIGO			
Partidos xudiciais	5	Municipios	25
O Porriño		Mos	
		O Porriño	
		Salceda de Caselas	
Ponteareas		A Cañiza	
		Arbo	
		As Neves	
		Covelo	
		Crecente	
		Mondariz	
		Mondariz-Balneario	
		Ponteareas	
		Salvaterra do Miño	
Redondela		Fornelos de Montes	
		Pazos de Borbén	

	Redondela
	Soutomaior
Tui	A Guarda
	O Rosal
	Oia
	Tomiño
	Tui
Vigo	Baiona
	Gondomar
	Nigrán
	Vigo
Poboación (Cifras oficiais da poboación a 1 de xaneiro . Fonte INE 23/12/2021)	529.050 habitantes
Superficie	1.588,17 km ²

Persoal: 12 médicos forenses, 3 psicólogos, 3 traballadores sociais, 3 funcionarios dos corpos xerais (2 tramitadores e 1 auxilio), 2 auxiliares de autopsia.

MEMORIA DO SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE 2021

O longo do ano 2021 solicitáronse 26.910 pericias no ámbito da clínica forense, xerándose 23.999 informes pericias en relación coas mesmas. O número de no asistencias a citación para recoñecemento médico, psicolóxico ou social, foi de 2.115 incomparecencias, das cales 1.837 foron para recoñecemento médico forense.

A realización da pericia obriga na maior parte dos casos ó recoñecemento ou consulta dos suxeitos a valorar, en unha ou varias citas sucesivas, realización de probas complementarias, valoración de documental existente no procedemento e investigación bibliográfica. En moitas ocasións se fan desprazamentos a centros hospitalarios ou domicilios e outras institucións, para a valoración das persoas residentes, daquelas que teñen imposibilidade de desprazamento ou cando se queren avaliar factores do entorno de especial interese para o caso. Estas actividades ocupan a xornada habitual dos peritos médicos, psicólogos e traballadores sociais. A elas hai que sumar o tempo necesario para a elaboración do informe e a asistencia a xuízo.

A pericia médica segue a ser a principal no seo do Imelga. Son estes profesionais os mais demandados polos órganos xudiciais e Fiscalía e os únicos que están dispoñibles para actuacións urxentes as vinte e catro horas do día, todos os días do ano, a través do servizo de garda.

Interpretación dos datos en Clínica forense

Á hora de interpretaren as cifras que se presentan é importante coñecer que o número de procedementos xudiciais abertos nos que se solicita un informe pericial ó Imelga, non é, polo xeral, equivalente ou igual o número de pericias, xa que logo pode solicitarse mais dunha pericia por procedemento, como no das pelexas, no que no mesmo procedemento pódese solicitar a valoración de varios lesionados. Incluso pode tratarse de pericias de diversa natureza referidas o mesmo suxeito (p.ex: valoración de lesións e dano psicolóxico nunha vítima dunha agresión). Tamén é habitual que sepidan pericias de distinta natureza, sobre distintos suxeitos nun mesmo procedemento (segundo o exemplo anterior, as pericias sobre a vítima podería sumarse a avaliación da imputabilidade do autor dos feitos).

No caso da valoración en materia de familia, a non correlación entre número de procedementos e número de pericias dáse en todos os casos, xa que logo a intervención pericial, que nesta materia fan os psicólogos e os traballadores sociais, supón a avaliación de, po lo menos, os suxeitos principais da estrutura familiar: pais, nais e fillos, ós que se pode sumar outras persoas convivintes no seo da familia, ou persoas que sen residir no mesmo domicilio teñen un papel importante na dinámica familiar, como poden ser os avós.

Presentamos neste ano unha comparativa da evolución daquelas pericias que consideramos máis representativas ven pola pericia en si como pola evolución que amosan os datos pre e post pandemia.

Finalmente salienta que os datos extraírense do sistema informático SIMELGA en evolución e actualización.

DATOS GLOBAIS DO SERVIZO DE CLÍNICA

Preséntanse os datos do ano 2021 comparados cós de 2020 e o 2019 a fin de valorar a evolución da demanda. O estudo destes datos amosa un incremento da carga de traballo no 2021 dun 12% en relación o 2020 e dun 16,2% en relación con 2019.

O seguinte cadro trata de presentar de xeito actividade do Servizo de Clínica forense o longo do 2021.

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2021		
NÚMERO TOTAL DE PERICIA SOLICITADAS		26.910
	PERICIA MÉDICA	22.769
	PERICIA PSICOLÓXICA	2.233
	PERICIA SOCIAL	1.908
NÚMERO DE INFORMES EMITIDOS		23.999
NON ASISTENCIAS		2.115

Evolución demanda global servizo de Clínica Forense 2019-2020-2021

ANO	2019	2020	2021
PERICIAS	23.398	24.026	↑ 26.910 12% respecto 2020 ↑ 16,2 % respecto 2019

A continuación, pasamos a analizar de xeito independente cada unha destas pericias:

PERICIA MÉDICA

A pericia médica, tanto xudicial como extraxudicial, dentro do ámbito da Clínica médico forense, representa una porcentaxe do 84,61%. Esta pericia experimentou un aumento trala pandemia dun 12,2%.

A distribución da pericia médica expresada en termos global, solicitada no ano 2021, amósase no seguinte recadro:

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2021	
NUMERO DE PERICIAS MÉDICO FORENSES TOTAIS (XUDICIAIS MAIS PERICIAS PARTICULARES)	22.769
NÚMERO DE INFORMES MÉDICO FORENSES EMITIDOS	20.275
NON ASISTENCIAS	1.837

PERICIA MEDICA XUDICIAL

A pericia xudicial cun total de 21.757 pericias representa un 95,5% da demanda pericial médica.

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2021		
NÚMERO DE PERICIAS MÉDICO FORENSES XUDICIAIS		21.757
	VALORACIÓN FÍSICA OU PSICOFÍSICA	8.891
	PSIQUIATRÍA FORENSE	11.650
	VALORACIÓN INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO	200
	OUTRAS PERICIAS	1.016
NÚMERO DE INFORMES MÉDICO FORENSES EMITIDOS		21.029
NON ASISTENCIAS		1.837

Estas pericias divídense fundamentalmente en dous áreas. Dunha parte unha valoración principalmente física ou psicofísica, e outra de valoración principalmente psiquiátrica. Na medida que o permite a asistencia ós órganos xudiciais, os médicos forenses traballan dun xeito preferentemente especializado, en unha ou outra destas áreas.

A este Servizo corresponde tamén a pericia que fan as unidades de valoración integral da violencia de

xénero e tódalas outras que podan seren solicitadas por Xuíces, Fiscalías e Tribunais con respecto ás persoas incursoas nun determinado procedemento.

A continuación expoñemos os datos da valoración física-psicofísica, valoración psiquiátrica, valoración integral da violencia de xénero e doutras pericias.

1. VALORACIÓN FÍSICA/PSICOFÍSICA

A valoración física-psicofísica representa un 41% da demanda xudicial.

Esta área inclúe principalmente dous tipos de pericia: o estudo médico legal das lesións e a determinación da capacidade psicofísica.

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2021		
VALORACIÓN FÍSICA-PSICOFÍSICA		
Valoración de lesiones	Lesións en agresións ordinarias	6522
	Lesións ligadas a violencia de xénero	669
	Lesións fortuítas	75
	Lesión laborais	343
	Lesión de tráfico xudiciais	632
Valoración de capacidade psicofísica	Estado de Saúde	401
	Valoración da capacidade laboral	13
	Valoración da minusvalía-discapacidade	97
	Informe do xulgado do social	139
NÚMERO TOTAL DE PERICIAS DE VALORACIÓN PSICOFÍSICA		8.891

Valoración de lesiones

A valoración de lesiones supón unha demanda de 8.241 pericias, que representan o 92 % da actividade no campo da valoración física-psicofísica. Estas pericias aumentaron un 9,03% respecto o 2020 e un 5,9% con respecto o 2019.

O 80 % das valoracións de lesiones son derivadas de lesiones en agresión ordinarias e o 8,2% son derivadas de lesiones en violencia de xénero.

O estudo médico legal das lesións pode ter por obxecto a avaliación dos danos persoais sufridos con ocasión de unha conduta con repercusión penal. O mais frecuente era que esta pericia se presentase nos supostos de accidente de tráfico, pero a *Lei Orgánica 1/2015 de reforma do Código Penal* tivo importantes consecuencias nas pericias de tráfico, xa que logo a despenalización das lesións derivadas de imprudencias leves deixou fora do ámbito penal numerosas condutas e, con isto, a vía penal que tiñan os prexudicados nestes accidentes para o acceso ó médico forense e o seu informe pericial.

O estudo médico legal das lesións non mortais no ámbito penal pode ter por obxecto aclarar moitos factores

de grande interese para a Xustiza como son a valoración da necesidade de tratamento e o tipo do mesmo, identificación do tipo de arma ou armas empregadas, número de agresores, condicións de especial vulnerabilidade da vítima, xeito de producirse a agresión, etc.

Valoración da capacidade psicofísica

A valoración da capacidade psicofísica supón unha demanda de 650 pericias, que representan o 7,3% da actividade no campo da valoración psicofísica.

A determinación do estado psicofísico e unha pericia solicitada sobre todo dentro da xurisdición social, en relación coa capacidade laboral, pero tamén na xurisdición penal, como por exemplo na capacidade de cumprir unha determinada pena ou de ser obxecto de algunha medida extraordinaria por mor da enfermidade, como as excarceracións por razóns humanitarias. Esta pericia representa o 61% da demanda deste tipo de valoracións.

Doutra banda as valoracións de capacidade laboral, informes sociais en valoración de minusvalía-discapacidade proceden da xurisdición social en representan un 39%% da demanda deste tipo de valoracións.

2. VALORACIÓN NO CAMPO DA PSIQUIATRÍA FORENSE

A valoración psiquiátrica forense representa na actualidade un 54% da demanda xudicial, cun incremento dun 14,2%. Por segundo ano consecutivo supera a demanda da valoración física-psicofísica, mantendo a tendencia ó alza dende o 2020 no que esta pericia experimentou un incremento dun 34,4% con respecto o 2019.

En total a pericia de psiquiatría aumentou dende o 2019 ata o 2021 nun total de 4.062 pericias o que supón un incremento global dun 53,5%.

Dentro deste tipo de pericias a demanda está centrada nos internamentos involuntarios, tanto psiquiátricos como xeriátricos, que representan un 47% da actividade e nas pericias de incapacidade que representan un 37%.

No apartado da psiquiatría forense os Xuíces e Fiscais poden solicitar calquera valoración propia desta materia médica, as pericias mais demandadas son as seguintes:

- As pericias en relación coa capacidade de culpabilidade, que se realizan no marco de moitos procedementos penais, nos que se solicita a valoración e detección de estados mentais patolóxicos que puidesen influír na capacidade do acusado, de comprender e obrar ó momento da comisión do acto delituoso.
- As pericias en relación coa capacidade civil de actuar libremente no autogoberno persoal e na administración dos bens. As modificacións lexislativas relativas as persoas con discapacidade “*Ley 8/2021, de 2 de junio, por la que se reforma la legislación civil y procesal para el apoyo a las personas con discapacidad en el ejercicio de su capacidad jurídica*” supón un cambio de paradigma no sentido do acercamento da xustiza as necesidades das persoas con discapacidade mediante a adopción de medidas de provisión de apoios as mesmas.

A actuación o medico forense delimita en que medida inciden as súas patoloxías no consentimento libre e formado , dirixida a detectar as preferencias e vontades da persoa con discapacidade e si a patoloxía inflúe nas decisións sobre a súa autonomía tanto persoal como doméstica ou social. Esta lexislación entrou en vigor o 3 de setembro deste 2021 e nela estipulouse un período de 3 anos para a adaptación e revisión das sentencias de modificación da capacidade xurídica xa ditadas polo que o incremento deste tipo de pericias iníciase no 2021 pero será nos próximos anos onde experimentará un maior crecemento.

- A pericia na supervisión xudicial dos internamentos psiquiátricos e residenciais involuntarios.
- A Valoración do dano psíquico. Esta pericia pode ser de carácter exclusivamente médico ou facerse en colaboración con outros peritos, como os psicólogos e os traballadores sociais.

O seguinte cadro amosa a distribución da pericia médica no campo da psiquiatría forense, e o número de informes emitidos nesta materia:

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2021		
PSIQUIATRÍA FORENSE		
	Medidas de seguridade e control de tratamento	164
	Dano psíquico	119
	Determinación de drogadicción	704
	Imputabilidade	1.400
	Incapacidade	3.572
	Internamentos involuntarios en unidades psiquiátricas	2.881
	Internamentos involuntarios en centros residenciais	2.609
	Outras valoracións psiquiátricas	201
NÚMERO TOTAL DE PERICIA DE PSIQUIATRÍA FORENSE		11.650

Comparativa evolución demanda global, lesiones e psiquiatría 2019-2020-2021

	2019	2020	2021
	23.398	25.884	26.910 ↑ 15,00% no 2021 respecto 2020
LESIONES	8.011	7.558	8.241 ↑ 9,03% no 2021 respecto o 2020
			↑ 5,9% no 2021 respecto o 2019
PSIQUIATRIA	7.588	10.200 ↑ 34, 4%	11650 ↑ 14,2% no 2021 respecto o 2020
			↑ 53,53% no 2021 respecto o 2019

3. VALORACION INTEGRAL EN VIOLENCIA DE XÉNERO

A pesares de que xa se documentou no apartado de valoración da capacidade psicofísica a porcentaxe de lesiones en relación a violencia de xénero, neste apartado pretendemos expor de forma global a actividade do médico forense ven de forma illada o formando parte das unidades de valoración integral de violencia de xénero.

Nesta materia, a intervención do médico forense pode producirse de forma illada, como valoración das lesiones físicas ou psicofísicas. Esta valoración prodúcese principalmente de xeito urxente, trala denuncia da muller.

Outro tipo de valoración é a que realizan as unidades de valoración integral de violencia de xénero, integradas por un médico forense, un psicólogo e un traballador social. Estas valoracións se realizan de xeito programado, ben por solicitude directa do Xulgado instructor, ben por proposta do médico forense trala valoración inicial de urxencia.

Estas pericias representan o 1% da actividade de clínica seguindo a tendencia dos últimos anos. Obxetivamos un descenso das cifras de pericias en valoración integral da violencia de xénero acadando os datos do 2022 para valorar si esta tendencia e mantida ou non o longo do tempo.

As cifras de traballo médico forense en violencia de xénero no ano 2021 reflíctense no seguinte cadro

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2021		
PERICIA EN VIOLENCIA DE XÉNERO		
	Valoración médica de lesións físicas ou psicofísicas por agresión de violencia de xénero	669
	Valoración integral de violencia de xénero	200
NÚMERO TOTAL DE PERICIAS EN VIOLENCIA DE XÉNERO		869

Comparativa evolución valoración integral da violencia de xénero 2019-2020-2021

	2019	2020	2021
VALORACION INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XENERO	243	252	200 ↓ 20,6% no 2021 respecto o 2020
			↓ 17,6% no 2021 respecto o 2019

4. OUTRAS PERICIAS DE CLÍNICA MEDICO FORENSE

Por último, ó Servizo de Clínica forense se remiten todas as cuestión dentro das competencias da medicina que se poidan formular dende os Xulgados, Tribunais e Fiscalías que non se centren na investigación da morte, campo específico da Patoloxía forense.

Estas pericias representan un 5% da actividade de clínica. Recóllense no apartado outros, xunto con outras pericias habituais, que non teñen encaixe específico na valoración física/psicofísica nin na psiquiatría forense como son: a valoración da adecuación dos actos médicos a “lex artis”, a valoración en relación con denuncias de agresión sexual ,que representa o 32% destas pericias e o 1,5% do total da demanda do servizo de clínica, e outras pericias sen determinar como a determinación da idade en suxeitos indocumentados.

O seguinte cadro presenta estas outras pericias:

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2021		
OUTRAS PERICIAS MÉDICAS		
	Agresións sexuais	330
	Determinación da idade	7
	Neglixencias médicas	57
	Outras pericias	622
NÚMERO TOTAL DE OUTRAS PERICIAS		1.016

Comparativa evolución agresión sexual 2019-2020-2021

As agresións sexuais experimentaron un incremento dun 7,8% no 2021. Se comparamos os datos do 2019 cos do 2021 o incremento é dun 43,9%.

	2019	2020	2021
AGRESIONS SEXUAIS	230	307	331
			↑ 7,8% no 2021 respecto o 2020
			↑ 43,9% no 2021 respecto o 2019

PERICIA MEDICA EXTRAXUDICIAL

A pericia extraxudicial cun total de 1.012 pericias representa un 4,6% da demanda pericial médica.

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2021	
NÚMERO DE PERICIAS PARTICULARES	1.012
NÚMERO DE INFORMES MÉDICO FORENSES EMITIDOS	1.098
NON ASISTENCIAS	33

O marxe da pericia solicitada polos órganos xudiciais, os médicos forenses realizan pericias a petición de particulares, trala modificación legislativa que supuxo a *Lei 35/2015 de 22 de setembro, de reforma do sistema para a valoración dos danos e prexuízos causados ás persoas en accidentes de circulación*. Nestas pericias non hai solicitude a través dos xulgados sendo a pericia solicitada directamente polos lesionados o Imelga.

Deste xeito os particulares vítimas dos accidentes de tráfico, poden recorrer os Institutos de Medicina Legal para facer unha pericia, cando non están de acordo coa oferta de indemnización por os danos persoais sufridos.

Contabilízanse estas pericias o marxe das lesións de tráfico, debido a que non son solicitadas polos órganos xudiciais e en moitas ocasións representan unha actividade descoñecida mesmo no ámbito xudicial.

E certo que en total o número destas pericias non é representativo, no ámbito de clínica, pero da lugar a unha tramitación administrativa complexa con que incide na dinámica das oficinas do Imelga e a unha obrigación de emisión de informe nun tempo determinado. Os requisitos tanto da tramitación como de emisión de informe constan no RD 1148/2015.

Distribución da pericia médica por subdireccións

A distribución territorial da actividade médica en Clínica Forense preséntase, de xeito resumido, no seguinte cadro

PERICIAS XUDICIAIS

SUBDIRECCIÓNS		A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Valoración de lesións	Agresións ordinarias	1.258	436	960	719	1.091	920	1.138	6.522
	Agresión violencia de xénero	111	0	8	108	83	153	206	669
	Lesións fortuítas	18	5	14	8	6	11	13	75
	Lesións laborais	100	4	52	12	13	65	97	343
	Lesións tráfico	159	32	93	35	101	91	121	632
	Nº Pericias	1.646	477	1.127	882	1.294	1.240	1.575	8.241
Valoración de capacidade psicofísica	Estado de saúde	25	2	52	49	49	64	160	401
	Laboral	5	0	0	2	0	1	5	13
	Minusvalía-discapacidade	19	3	4	13	2	51	5	97
	Informes sociais	23	16	16	14	1	25	44	139
	Nº Pericias	72	21	72	78	52	141	214	650
Valoración psiquiátrica	Imputabilidade	313	45	132	123	423	150	214	1.400
	Medidas de seguridade e seguimento	76	0	8	13	59	6	2	164
	Incapacitacións	640	187	738	644	315	522	526	3.572
	Internamentos psiquiátricos	238	142	302	298	406	707	788	2.881
	Dano psíquico	19	3	23	35	5	13	21	119
	Outros	51	6	25	36	13	64	6	201
	Determinación de drogas	55	21	106	62	1	139	320	704
	Internamentos residenciais	351	187	358	694	181	324	514	2.609
	Nº Pericias	1.743	591	1.692	1.905	1.403	1.925	2.391	11.650
Outras pericias médicas	Agresión sexual	48	14	47	29	50	46	96	330
	Determinación da idade	1	0	2	0	1	1	2	7
	Neglixencias médicas	7	2	5	10	3	9	21	57
	Outros	75	91	70	47	150	93	96	622
	Nº Pericias	131	107	124	86	204	149	215	1.016
Valoración integral de Violencia de Xénero	Valoración integral de Violencia de xénero	103	0	21	2	45	12	17	200
	Nº Pericias	103	0	21	2	45	12	17	200
Total de pericias		3.695	1.196	3.036	2.953	2.998	3.467	4.412	21.757
Nº de informes emitidos		3.557	1.076	2.991	3.062	2.868	3.420	4.055	21.029
NON ASISTENCIAS		245	98	89	174	366	305	533	1.810

Pericias EXTRAXUDICIAIS

SUBDIRECCIÓNS		A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Total de pericias		35	64	142	45	322	138	266	1.012
Nº de informes emitidos		51	66	133	54	375	120	299	1.098
NON ASISTENCIAS		2	4	3	4	1	7	12	33

Na demanda das pericias de clínica por subdireccións se reflicte que a subdirección na que se demandan máis pericias é Vigo e na que menos Ferrol.

Como se reflicte no anterior recadro hai moita disparidade entre o peso dunha ou outra pericia por Subdireccións. Así, a valoración integral de violencia de xénero ten moito peso na Subdirección de A Coruña, onde se fai o 51,5% destas valoracións. É tamén salientable o número de pericias en relación co internamento en centros residencias, e as pericias denominadas de incapacidade, anteriormente a lexislación do 2021, onde as provincias mais envellecidas amosan os maiores números sendo a que a que mais internamentos xeriátricos realiza a de Ourense cunha porcentaxe de 26,6% e a que mais incapacidades a de Lugo cunha porcentaxe de 20,06%.

O comportamento dos internamentos psiquiátricos mostra outro perfil sendo a subdirección de Vigo onde mais internamentos se rexistran representando o 27,35 % do total seguida da de Santiago.

Na subdirección de Ferrol observamos menores diferencias entre internamentos xeriátricos e psiquiátricos.

Na subdirección de Pontevedra destaca a pericia de imputabilidade que supón unha demanda do 30% do total.

Doutra banda as pericias de agresión sexual teñen moito peso en Vigo onde se rexistran o 29,09% do total.

PERICIA PISCOLÓXICA Y PERICIA SOCIAL

Introdución y datos xerais

A psicoloxía e o traballo social forense naceu principalmente ligado ó asesoramento en materia de familia e as Fiscalías de menores, no primeiro caso como equipos psicosociais que dende o ano 2006 quedaron integrados no Imelga e, no segundo, formando parte dos equipos técnicos de menores, dependentes das Fiscalías de menores.

A práctica da psicoloxía e o traballo social forense evolucionou moito nestes últimos anos, e a demanda de pericia, inicialmente ligada a actividade de familia foise extendendo a xurisdicción penal.

Aínda que a pericia de familia sobre todo en materia civil pero tamén en materia penal segue sendo prioritaria, a demanda pericial, principalmente psicolóxica, foise diversificando nestes últimos anos. Con respecto ós psicólogos, no pasado 2021 a pericia en materia de familia supuxo un 73,4% da súa actividade pericial.

Para os traballadores sociais, a pericia nesta materia supuxo un 86% da súa actividade pericial. Estes datos globais presentan variacións segundo a Subdirección de que se trate, pero independentemente disto a valoración en materia de familia segue a ser a actividade mais importante deste grupo de profesionais, en todas elas.

Deixando de lado a pericia en materia de familia, no campo da psicoloxía forense as pericias mais habituais son as que se refiren a valoración intelectual, cognitiva, de personalidade, credibilidade do testemuño de menores abusados e dano psicolóxico. Os traballadores sociais, pola súa banda, poden tamén erixirse en expertos para o apoio as vítimas e poden aportar a súa perspectiva nas pericias anteriores, pero tamén fan informes de valoración social con aplicación tanto no ámbito penal (casos de imputabilidade, valoración do dano social, repercusión da discapacidade, etc.) como no ámbito civil onde o informe social pode aportar datos de moito interese a hora de avaliar a capacidade de obra dun suxeito ou asesorar sobre a súa rede de apoio.

Os Xulgados e as Fiscalías tamén se apoian nos psicólogos para a toma de declaración de menorese incapaces.

A continuación pasaremos a analizar a actividade pericial psicolóxica y social no ano 2021. Como no caso da pericia médica, na seguintes táboas amósanse as cifras por tipo de pericia, psicolóxica e social, e por Subdirección.

PERICIA PSICOLÓXICA

No ano 2021 o traballo dos psicólogos incrementouse nun 13,1%.

A demanda pericial segue a estar centrada nun 73,48% no traballo en materia de familia, no que o psicólogo forma parte do equipo psicosocial. De feito o incremento da demanda no 2021 prodúcese en relación con esta materia.

Formando parte das unidades de valoración integral de violencia e xénero, xunto cun médico forense e un traballador social, fixeron 200 valoracións, o que supón un 8,9% da súa actividade.

A pericia propiamente psicolóxica sitúase no 16,21% da carga de traballo deste profesionais.

Tanto as pericias de valoración integral como as psicolóxicas diminuíron neste 2021 .

Este tipo de valoracións psicolóxicas se distribúen do seguinte xeito, con respecto o total da demanda: credibilidade do testemuño en menores vítimas de abuso sexual (7,83%), avaliación do dano psicolóxico (3,98%), avaliación da personalidade (0,2%), avaliación cognitiva (0,1%), intelectual (0,26%) e outras pericias psicolóxicas (3,7%).

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2021		
PSICOLOXÍA FORENSE		
	VALORACIÓNS PSICOLÓXICAS	362
	INTERCONSULTA PSICOLÓXICA	30
	PERICIA EN VALORACIÓN INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO	200
	PERICIA PSICOSOCIAL EN MATERIA DE FAMILIA	1.641
NÚMERO TOTAL DE PERICIA PSICOLÓXICA SOLICITADA		2.233
NÚMERO DE INFORMES EMITIDOS		1.659
NÚMERO DE PERSOAS VALORADAS		2.180
NON ASISTENCIAS		127

Comparativa evolución pericia psicológica 2019-2020-2021

2019	2020	2021
2108	1967	2233
		↑ 13,1%no 2021 respecto o 2020
		↑ 5,49% no 2021 respecto o 2019

	2019	2020	2021
PERICIA EN MATERIA DE FAMILIA	1374	1161	1641
			↑ 41%no 2021 respecto o 2020

Distribución da pericia psicolóxica por subdireccións

No seguinte cadro amósase a carga e distribución de traballo en psicoloxía forense por Subdireccións

SUBDIRECCIÓN		A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Valoración psicosocial	Valoración de garda e custodia	123	49	7	84	404	172	148	987
	Modificación de medidas	68	47	28	32	41	92	126	434
	Outras	31	30	15	31	37	31	45	220
	Nº Pericias	222	126	50	147	482	295	319	1.641
Interconsulta psicolóxica	Dano psicolóxico	1	1	0	0	2	1	0	5
	Valoración da personalidade	0	0	2	1	0	0	0	3
	Valoración intelectual	0	0	3	3	0	3	0	9
	Valoración cognitiva	0	0	1	2	2	0	0	5
	Outros	0	1	0	2	0	4	1	8
	Nº Pericias	1	2	6	8	4	8	1	30
Valoración psicolóxica	Credibilidade testemuña Menores abusados	28	25	24	17	23	24	34	175
	Dano psicolóxico	10	2	5	6	7	53	6	89
	Valoración da personalidade	1	0	0	1	0	1	2	5
	Valoración intelectual	0	0	0	1	0	3	0	4
	Valoración cognitiva	2	0	0	2	0	2	0	6
	Outros	2	3	17	4	36	18	3	83
	Nº Pericias	43	30	46	31	66	101	45	362
Valoración integral de Violencia de xénero	Valoración integral de Violencia de xénero	103	0	21	2	45	12	17	200
	Nº Pericias	103	0	21	2	45	12	17	200
Total de pericias		369	158	123	188	597	416	382	2.233
Nº de informes emitidos		519	75	205	180	225	246	209	1.659
NON ASISTENCIAS		46	20	7	7	22	5	20	127

Chama poderosamente a atención a demanda global de Santiago (18,6% do total) e Pontevedra (26,7% do total) que superan a subdirección de A Coruña, subdirección co histórico de carga de traballo maior.

Como se reflicte no anterior recadro a demanda de valoracións relacionadas con materia de familia ten moito peso na subdirección de Pontevedra concentrando o 39,7% da demanda global do Instituto. A demanda de valoración en materia de violencia de xénero concéntrase sobre todo na subdirección de A Coruña cun 51,5% do global.

Doutra banda a subdirección de Santiago concentra o 27,9% do global da demanda de pericias psicolóxicas.

PERICIA SOCIAL

A pericia social realízase case toda dentro dunha avaliación multidisciplinar, ben en colaboración co psicólogo, ben con este e o médico forense, nas unidades de valoración integral de violencia de xénero.

Así, o 96,48% do traballo deste profesionais, lígase a solicitudes de pericia conxunta, ben en asuntos de familia 86 %, ben nas demandas de valoración integral de violencia de xénero, cun 10,4%.

Considerando as modificacións legislativas ás que xa fixemos referencia nesta memoria nas que a lexislación especifica a participación destes profesionais xunto cos psicólogos, nas probas preconstituídas relativas a menores ou persoas con discapacidade a carga de traballo deste técnicos tenderá o aumento.

A pericia social illada está a incrementarse sobre todo nalgúñas subdireccións en relación coas modificacións legislativas relativas a medidas de apoio

SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE – ANO 2021		
TRABALLO SOCIAL FORENSE		
	VALORACIÓNS SOCIAIS	55
	INTERCONSULTA SOCIAL	5
	Outros	7
	PERICIA PSICOSOCIAL EN MATERIA DE FAMILIA	1.641
	PERICIA EN VALORACIÓN INTEGRAL DE VIOLENCIA DE XÉNERO	200
NÚMERO TOTAL DE PERICIAS DE TRABALLO SOCIAL SOLICITADAS		1.908
NÚMERO DE INFORMES EMITIDOS		1.311
NÚMERO DE PERSOAS VALORADAS		1.855
NON ASISTENCIAS		145

Comparativa evolución pericia social 2019-2020-2021

2019	2020	2021
1726	1544	1908 ↑ 23,5% no 2021 respecto o 2020
		↑ 25,06% no 2021 respecto o 2019

	2019	2020	2021
PERICIA EN MATERIA DE FAMILIA	1374	1161	1641 ↑ 41% no 2021 respecto o 2020
VALORACION INTEGRAL	243	252	200 ↓ 20,6 % no 2021 respecto o 2020 ↓ 17,6 % no 2021 respecto o 2019
VALORACION SOCIAL	31	68	55 ↓ 19,1% no 2021 respecto o 2020 ↑ 77,4% no 2021 respecto o 2019

Distribución da pericia social por subdireccións

SUBDIRECCIÓN		A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Valoración psicosocial	Valoración de garda e custodia	123	49	7	84	404	172	148	987
	Modificación de medidas	68	47	28	32	41	92	126	434
	Outras	31	30	15	31	37	31	45	220
	Nº Pericias	222	126	50	147	482	295	319	1.641
Valoración social	Interconsulta social	0	0	0	3	2	0	0	5
	Valoración social	0	0	0	3	19	30	3	55
	Outros	0	0	0	0	5	2	0	7
	Nº Pericias	0	0	0	6	26	32	3	67
Valoración integral de Violencia de xénero	Valoración integral de Violencia de xénero	103	0	21	2	45	12	17	200
	Nº Pericias	103	0	21	2	45	12	17	200
Total de pericias		325	126	71	155	553	339	339	1.908
Nº de informes emitidos		431	48	126	123	230	199	154	1.311
NON ASISTENCIAS		67	13	9	9	28	6	13	145

Como se reflicte no anterior recadro a demanda de valoración relacionadas con materia de familia ten moito peso na subdirección de Pontevedra concentrando o 39,7% da demanda global do Instituto. A demanda de valoración en materia de violencia de xénero concéntrase sobre todo na subdirección de A Coruña cun 51,5% do global.

Doutra banda a subdirección de Santiago concentra o 1,57% do global da demanda de pericias sociais e o 54,54% da demanda de pericia social illada de tódalas subdireccións.

MEMORIA DO SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE

Ó Servizo de Patoloxía forense reúne todas as pericias que teñen por obxecto coñecer a causa e as circunstancias da morte, nos casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade. A participación do médico forense na investigación xudicial da morte tradúcese, na práctica, na realización do levantamento do cadáver e a posterior autopsia, así como na elaboración dos informes ligados a tales actividades. Tamén atende as peticións do Rexistro Civil en relación coa supervisión de certificados de defunción.

Complementando as autopsias, realízanse todos os estudos complementarios que o médico forense estime oportunos. Estes estudos poden recaer sobre órganos, tecidos ou mostras biolóxicas, pero tamén sobre calquera elemento ou rastro atopado no cadáver. Os laboratorios de referencia para estes estudos complementarios son os de o Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses (INTCF) de Madrid, e tamén se conta coa colaboración do Instituto de Medicina Legal “Luís Concheiro” da Universidade de Santiago de Compostela, sobre todo no que atinxe a probas toxicolóxicas e de xenética forense.

Pero sendo a morte violenta e a sospeitosa de criminalidade o seu campo de actuación, a intervención do médico forense na morte natural non para de crecer. Moitas destas mortes son mortes súbitas que suceden de xeito brusco en persoas sas, sen antecedentes patolóxicos que xustifiquen tal acontecemento, o que as volve mortes sospeitosas; pero outras moitas, son mortes que suceden en persoas enfermas, con ou sen tratamento, de cuxas patoloxías son coñecedores os servizos médicos asistenciais, que deberían ser os encargados de certificar o falecemento e non desviar a morte a investigación xudicial, sen razón xustificada. Séguese traballando para coñecer que factores están na orixe desta derivación, e para procurar un procedemento común que implique os estamentos sanitarios e xudiciais, a fin de evitar a “penalización” da morta morte, claramente natural, no ámbito extrahospitalario.

Nesta memoria preséntanse as cifras globais e por Subdireccións do Servizo de Patoloxía forense do ano 2021.

Actividade global do Servizo de patoloxía forense 2021 por subdirección e natureza da morte

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2021								
Nº AUTOPSIAS POR SUBDIRECCION E NATUREZA DA MORTE								
Subdirección	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	TOTAL
Morte violenta	185	54	125	88	104	176	169	901
Morte natural	301	69	149	93	109	152	205	1.078
Total	486	123	274	181	213	328	374	1.979

No 2021 incrementouse nun 8,85% o número de mortes investigadas no Imelga. Seguindo a tendencia habitual a morte natural supón un 54,47% superando a morte violenta que supuxo un 45,52% sobre o total. A patoloxía mais salientable segue a ser a cardiovascular cun 74,86% de tódalas mortes naturais, xa que logo a morte por estas patoloxías preséntase en moitas ocasións en persoas sen sintomatoloxía ou diagnósticos previos, e transcorre de forma rápida, súbita e inesperada, sen tempo a asistencia médica, polo que de xeito habitual estas mortes derívanse a investigación xudicial, aínda que non existan datos de sospeita de criminalidade.

Comparativa datos mortes investigadas nos anos 2019-2020-2021

Amósase o incremento de mortes investigadas en comparación co 2020 polas especies características do mesmo.

	2018	2019	2020	2021
Morte violenta	912	934	887	901
Morte natural	1060	1074	931	1078
	1972	2008	1818	1979
Total		↑ 0,018%	↓ 9,4%	↑ 8,85%

Datos de mortes investigadas segundo etioloxía e subdirección

Nos seguintes cadros amósanse os datos relativos as mortes investigadas segundo etioloxía e subdirección.

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2021

NUMERO TOTAL DE MORTES INVESTIGADAS POR NATUREZA-ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL E CAUSA DE MORTE

Nº MORTES INVESTIGADAS:

1.979

MORTE VIOLENTA

901

ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	15
	SUICIDA	331
	ACCIDENTAL	555

901

CAUSA DA MORTE	Lesións por arma branca	12
	Lesións por arma de fogo	13
	Lesións eléctricas	1
	Lesións térmicas	9
	Asfixias mecánicas	306
	Reacción adversa a drogas	51
	Intoxicacións	51
	Traumatismos	456
	No especificada	0

MORTE NATURAL

1.078

IDADE	PERINATAL	1
	INFANTIL	1
	ADULTO	1.076

1.078

CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	21
	Patoloxía dixestiva	68
	Patoloxía respiratoria	72
	Patoloxía cardiovascular	807
	Patoloxía endocrino-metabólica	13
	Patoloxía xenitourinaria	11
	Outras patoloxías	30
	Indeterminadas	40
	Pendientes de resultados	16

A continuación amósanse os mesmos datos do cadro anterior por Subdireccións:

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2021 A CORUÑA		
Nº MORTES INVESTIGADAS		486
MORTE VIOLENTA		185
ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	6
	SUICIDA	70
	ACCIDENTAL	109
		185
CAUSA DA MORTE	Arma branca	3
	Arma de fogo	4
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	3
	Asfixias mecánicas	70
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	15
	Intoxicacións	7
	Traumatismos	83
MORTE NATURAL		301
IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	0
	ADULTO	301
		301
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	6
	Patoloxía dixestiva	21
	Patoloxía respiratoria	19
	Patoloxía cardiovascular	232
	Patoloxía endocrino-metabólica	0
	Patoloxía xenitourinaria	1
	Outras patoloxías	15
	Indeterminadas	7
Pendientes de resultados		0

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2021 FERROL

Nº MORTES INVESTIGADAS 123

MORTE VIOLENTA 54

ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	0
	SUICIDA	21
	ACCIDENTAL	33
		54
CAUSA DA MORTE	Arma branca	0
	Arma de fogo	1
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	0
	Asfixias mecánicas	22
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	0
	Intoxicacións	9
	Traumatismos	22

MORTE NATURAL 69

IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	0
	ADULTO	69
		69
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	0
	Patoloxía dixestiva	4
	Patoloxía respiratoria	6
	Patoloxía cardiovascular	51
	Patoloxía endocrino-metabólica	2
	Patoloxía xenitourinaria	0
	Outras patoloxías	1
	Indeterminadas	0
	Pendientes de resultados	5

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2021

LUGO

Nº MORTES INVESTIGADAS

274

MORTE VIOLENTA

125

		HOMICIDA	0
	ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	SUICIDA	52
		ACCIDENTAL	73
			125
	CAUSA DA MORTE	Arma branca	1
		Arma de fogo	3
		Lesións eléctricas	0
		Lesións térmicas	2
		Asfixias mecánicas	41
		Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	4
		Intoxicacións	1
		Traumatismos	73

MORTE NATURAL

149

	IDADE	PERINATAL	1
		INFANTIL	0
		ADULTO	148
			149
	CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	3
		Patoloxía dixestiva	7
		Patoloxía respiratoria	5
		Patoloxía cardiovascular	127
		Patoloxía endocrino-metabólica	2
		Patoloxía xenitourinaria	2
		Outras patoloxías	3
		Indeterminadas	0
		Pendientes de resultados	0

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2021 OURENSE

Nº MORTES INVESTIGADAS 181

MORTE VIOLENTA 88

ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	3
	SUICIDA	32
	ACCIDENTAL	53
		88
CAUSA DA MORTE	Arma branca	4
	Arma de fogo	3
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	1
	Asfixias mecánicas	25
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	6
	Intoxicacións	2
	Traumatismos	46

MORTE NATURAL 93

IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	1
	ADULTO	92
		93
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	3
	Patoloxía dixestiva	5
	Patoloxía respiratoria	5
	Patoloxía cardiovascular	55
	Patoloxía endocrino-metabólica	1
	Patoloxía xenitourinaria	2
	Outras patoloxías	4
	Indeterminadas	10
	Pendientes de resultados	8

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2021

PONTEVEDRA

Nº MORTES INVESTIGADAS 213

MORTE VIOLENTA 104

ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	1
	SUICIDA	36
	ACCIDENTAL	67
		104
CAUSA DA MORTE	Arma branca	3
	Arma de fogo	0
	Lesións eléctricas	0
	Lesións térmicas	1
	Asfixias mecánicas	38
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	12
	Intoxicacións	9
	Traumatismos	41

MORTE NATURAL 109

IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	0
	ADULTO	109
		109
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	2
	Patoloxía dixestiva	8
	Patoloxía respiratoria	5
	Patoloxía cardiovascular	81
	Patoloxía endocrino-metabólica	1
	Patoloxía xenitourinaria	3
	Outras patoloxías	2
	Indeterminadas	4
	Pendientes de resultados	3

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2021

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nº MORTES INVESTIGADAS

328

MORTE VIOLENTA

167

ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	HOMICIDA	1
	SUICIDA	64
	ACCIDENTAL	111
		167
CAUSA DA MORTE	Arma branca	0
	Arma de fogo	2
	Lesións eléctricas	1
	Lesións térmicas	0
	Asfixias mecánicas	66
	Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	5
	Intoxicacións	7
	Traumatismos	95

MORTE NATURAL

152

IDADE	PERINATAL	0
	INFANTIL	0
	ADULTO	152
		152
CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	5
	Patoloxía dixestiva	5
	Patoloxía respiratoria	19
	Patoloxía cardiovascular	106
	Patoloxía endocrino-metabólica	4
	Patoloxía xenitourinaria	0
	Outras patoloxías	1
	Indeterminadas	12
	Pendientes de resultados	0

SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE ANO 2021 VIGO

Nº MORTES INVESTIGADAS
374
MORTE VIOLENTA
169

		HOMICIDA	4
	ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	SUICIDA	56
		ACCIDENTAL	109
			169
	CAUSA DA MORTE	Arma branca	1
		Arma de fogo	0
		Lesións eléctricas	0
		Lesións térmicas	2
		Asfixias mecánicas	44
		Mortes por reacción adversa sustancias psicoactivas	9
		Intoxicacións	17
		Traumatismos	96

MORTE NATURAL
205

	IDADE	PERINATAL	0
		INFANTIL	0
		ADULTO	205
	CAUSA DA MORTE	Patoloxía neurolóxica	1
		Patoloxía dixestiva	18
		Patoloxía respiratoria	13
		Patoloxía cardiovascular	155
		Patoloxía endocrino-metabólica	3
		Patoloxía xenitourinaria	5
		Outras patoloxías	5
		Indeterminadas	4
		Pendientes de resultados	0

Estudo das mortes violentas en patoloxía forense:

No pasado 2021 investigáronse 901 mortes violentas, de etioloxía homicida, suicida e accidental. Os datos que preséntanse a continuación son por provincias, non por Subdireccións. A provincia de A Coruña inclúe as Subdireccións de A Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela. Lugo e Ourense son Subdireccións de ámbito provincial. A provincia de Pontevedra engloba as Subdireccións de Pontevedra e Vigo.

Distribución de mortes violentas por etioloxía e Provincia

Etioloxía Médico Legal	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Homicida	7	0	3	5	15
Suicida	155	52	32	92	331
Accidental	253	73	53	176	555
Totais	415	125	88	273	901

A provincia de A Coruña é a que maior número de morte violentas investiga e de Ourense a que menos.

Distribución de mortes violentas por Etioloxía e Subdirección (especificáanse dentro das mortes accidentais as mortes por accidente de tráfico)

Etioloxía Médico Legal	SUBDIRECCIÓN							
	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Homicida	6	0	0	3	1	1	4	15
Suicida	70	21	52	32	36	64	56	331
Accidental	109	33	73	53	67	111	109	555
Tráfico	24 12,9%	5 9,2%	14 11,2%	17 19,3%	16 15,3%	18 10,2%	19 11,2%	113 20%
Totais	185	54	125	88	104	176	169	901

O grupo mais importante de mortes violentas foron as accidentais. Nesta etioloxía inclúense as mortes por accidentes de tráfico, os accidentes laborais e os fortuítos. Segue en importancia o suicidio, cun aumento das cifras con respecto o 2020.

Como causa de morte, a mais frecuente é a morte por traumatismos, ben focalizados na cabeza, ben cadros de politraumatismo, ligados a violencias complexas como os accidentes de tráfico, laborais ou precipitación suicidas. Seguen en importancia as asfixias mecánicas. Dentro de este grupo as mais frecuentes son os aforcamentos suicidas e os afogamentos, xeralmente de carácter accidental.

MORTE HOMICIDA ANOS 2012-2021

Segue a descender o número de homicidios na nosa Comunidade. A provincia de A Coruña, se destaca sobre as outras e rexistra un total de 7 homicidios no 2021.

Datos de homicidios en Galicia o longo de 10 anos (2012-2021)

2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
22	19	18	17	17	13	9	17	15	15

Presentamos a evolución dos datos do homicidio en Galicia o longo de 10 anos. Nesta serie se reflicte que o mellor dato foi no ano 2018 no que se rexistraron 9 homicidios. O peor ano foi o 2012 no que se acadou unha cifra de 22 homicidios.

Na pandemia o número de homicidios reduciuse lixeiramente e no 2021 mantense cos mesmos datos.

Das 15 vítimas de homicidio, 5 foron mulleres. Só un caso foi como consecuencia da violencia de xénero, sendo a cifra máis baixa dende o 2013.

O número de homicidios na nosa Comunidade foi o mesmo que no 2020 e cambiouse a distribución dos mesmos por provincias. Diminuíron en Lugo que pasan de 2 a 0, mantivéronse en Ourense, mentres que aumentaron en Coruña de 6 a 7 e en Vigo de 4 a 5.

Se presentamos os datos por Subdireccións destacar que en Ferrol e Lugo non se rexistraron homicidios e que a Subdirección con maior número de homicidios foi A Coruña con 6 casos

HOMICIDIOS	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
2021	7	0	3	5	15
2020	6	2	3	4	15
2019	4	4	1	8	17
2018	6	1	1	1	9

MORTE SUICIDIA ANOS 2012-2021

Presentamos a evolución dos datos do suicidio en Galicia o longo de 10 anos. Nesta serie se reflicte que o mellor dato foi no ano 2018 no que o suicidio diminuíu un 11,11% con respecto o 2017. O peor ano foi o 2014 no que se acadou unha cifra de 394 suicidios o que supón un incremento do 13,5% sobre o ano anterior.

Datos de suicidios en Galicia o longo de 10 anos (2012-2021)

2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
364	347	394	324	349	324	288	318	307	331

En xeral o confinamento reduciu o número de suicidios no ano 2020 nun 3,45% . A volta a normalidade no 2021 tivo un efecto rebote cun incremento do número de suicidios, dun 7,8% en relación co 2020 ,e dun 4,8% en relación co 2019. As cifras seguen a ser moi altas, e o suicidio segue a ser un problema sanitario e social de primeira orde.

De xeito global pódese dicir que a vítima principal do suicidio son os homes, o mecanismo utilizado ó aforcamento e o lugar elixido para a conducta, o domicilio ou a súa contorna. A idade dos falecidos se centra entre os 51-60 anos cunha idade mínima de 13 anos e una idade máxima de 97 anos. Neste 2021 observamos como a década dos 71-80 concentra tamén un elevado número de suicidios.

Suicidio-distribución provincial

No seguinte gráfico amósase a distribución provincial dos suicidios nestes últimos 10 anos.

	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
A Coruña	177	140	181	153	179	149	129	143	135	155
Lugo	55	52	60	58	33	44	47	58	43	52
Ourense	44	48	31	31	35	46	40	34	31	32
Pontevedra	88	107	122	82	98	85	72	83	98	92

Coma podemos ver, en termos absolutos a provincia de A Coruña segue a ser a que mais suicidios rexistra, seguida de Pontevedra, Lugo e Ourense.

A pesares das cifras provinciais en termos absolutos, en termos relativos, a taxa de incidencia dos suicidios, amosa que este segue a ser mais relevante en Lugo, seguido de A Coruña. A tasa nas provincias de Ourense e Pontevedra amosa moi pouca variación con respecto a pandemia.

Os casos por 100.000 habitantes excluídos os menores de 5 anos, das distintas provincias galegas no pasado 2021 mostrados comparativamente, cos de 2020 e 2019 foi a seguinte:

	2019	2020	2021
ACoruña	13,21	11,32	13,07
Lugo	18,25	12,47	15,95
Ourense	11,41	10,02	10,48
Pontevedra	9,1	10,72	10,47
GALICIA	12,18	11,17	12,28

Como é habitual ano tras ano Galicia supera as taxas de prevalencia tanto a nivel nacional 7,79%, como europeo 11,93%, agás a pandemia.

A influencia da pandemia en relación co suicidio amósase neste cadro, no que observamos un incremento do suicidio no 2021 con respecto o 2020 en todas as provincias agás Pontevedra.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2019	143	58	34	83
2020	135	43	31	98
2021	155	52	32	92
	15%	21%	3%	-6%

Suicidio-distribución por sexo

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Homes	104	34	21	65	224
Mulleres	51	18	11	27	107
Total	155	52	32	92	331

O suicidio segue a ter a mesma tendencia sendo superior o número de homes falecidos, 224 sobre o de mulleres 107 unha porcentaxe do 67,67%.

Suicidio-distribución por mes

Os meses nos que se rexistraron maior número de suicidio foron os de xuño e xullo. O mes que rexistrou mais suicidios de homes foi o de xuño e o que rexistrou mais suicidios de mulleres foi o de xullo. Os mes no que rexistraron un menor número de suicidios foi decembro.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
xaneiro	6	2	3	11	22
febreiro	10	3	4	10	27
marzo	15	2	2	6	25
abril	14	3	1	3	21
maio	17	6	5	8	36
xuño	18	6	3	11	38
xullo	18	8	6	6	38
agosto	11	4	3	12	30
setembro	13	5	2	8	28
outubro	13	6	2	9	30
novembro	11	4	0	4	19
decembro	9	3	1	4	17
	155	52	32	92	331

Suicidio-distribución por idade e sexo

A idade no que maior numero de suicidios se rexistra é a comprendida entre os 51-60 anos, observándose trala pandemia un incremento entre os 71-80 anos. Doutra banda o suicidio entre os 11-20 anos ten perfil predominante feminino.

IDADE	Homes	Mulleres	Total
Ata 10 anos	0	0	0
11-20 anos	2	7	9
21-30 anos	9	5	14
31-40 anos	21	19	40
41-50 anos	26	19	45
51-60 anos	48	21	67
61-70 anos	26	19	45
71-80 anos	31	31	62
81-90 anos	23	14	37
91-100 anos	4	5	9
+100 anos	0	0	0

Suicidio-distribución por mecanismo e sexo

En relación o mecanismo suicida o aforcamento segue a ser o mecanismo mais utilizado tanto en homes como en mulleres representando un 61,93%. Os homes utilizan este mecanismo nun 46,22% dos casos e as mulleres nun 15,7%.

O segundo mecanismo mais utilizado é a precipitación que representa un 17,22% dos casos. Os homes utilizan este mecanismo nun 9,06% dos casos e as mulleres nun 8,15%.

Os envelenamentos mais frecuentes foron con medicamentos. Tamén se rexistraron casos de usode intoxicación por monóxido de carbono.



	Total	Homes	Mulleres
Aforcamento	205	153	52
Precipitación	57	30	27
Envenenamento	29	13	16
Afogamento	15	6	9
Ferida por arma de fogo	12	12	0
Ferida por arma branca	8	7	1
Atropelo polo tren	2	1	1
Outros	3	2	1

MORTE ACCIDENTAL ANOS 2012-2021

As mortes accidentais non se presentan nunha distribución provincial, por canto a morte e a práctica da autopsia pódese producir nunha provincia distinta o sinistro, naqueles casos de morte diferida e tratamento hospitalario, tendo en conta os servizos médicos de referencia para algunhas patoloxías (unidades de queimados, de lesionados medulares, neurocirurxía, etc.).

No ano 2021 a morte accidental diminuíu, pasando dos 565 casos do ano anterior, os 555 deste ano, o que supón un descenso de 1,08%.

2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
543	525	533	540	574	494	615	599	565	555

Aínda que hai una gran variabilidade nos accidentes mortais, os mais habituais son as caídas fortuítas e os accidentes de tráfico. Nesta memoria preséntase un estudio detallado sobre os accidentes relacionados coa circulación de vehículos a motor investigados no Imelga no pasado 2021

ESTUDO DAS MORTES POR ACCIDENTE DE TRAFICO

Interpretación dos datos

Como en anos anteriores facemos un análise mais pormenorizado dos falecementos accidentais no uso de vehículos a motor. Noso rexistro inclúe as vítimas falecidas en calquera tipo de vía e contabiliza todas aquelas cuxo falecemento garde relación directa coas lesión sufridas ou súas complicacións, independentemente do tempo que transcorra entre o feito accidental e o falecemento. Deste xeito, as nosas cifras poden non coincidir coas que aportan outros organismos e institucións.


A distribución xeográfica dos accidentes mortais tampouco teñen por que coincidir con outros estudos de sinistralidade, xa que logo, nos accidentes con supervivencia inmediata, a morte do suxeito pódese producir nun territorio distinto ó que sucedeu o sinistro.

Falecidos ano 2021

As vítimas mortais en accidentes de circulación descendeu notablemente en relación con anos anteriores, resultando a cifra mais baixa de mortos, dende o 2013, agás as cifras da pandemia (104).

No ano 2021 o Imelga rexistrou o estudo de 113 vítimas mortais, o que representa un 20,3% das mortes accidentais. O ano 2020 foi no que se rexistrou menor número de falecidos, de feito é o segundo ano con menos falecidos da serie histórica mostrada, e o 2014 no que mais.

Presentamos a evolución dos datos de accidentes de tráfico en Galicia desde o 2013 ata o 2021



Nas seguintes táboas amósanse os falecidos por sexo, idade, mes do ano do e tipo de usuario da vía.

Finalmente, preséntanse os tipos de accidente e un análise da influencia do alcohol e as drogas na xeración de accidentes mortais.

Distribución dos accidentes de tráfico por sexo e provincia

Datos das mortes de accidentes de tráfico por sexo - Subdireccións					
Sexo	Provincia				
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Home	33	14	16	23	86
Muller	14	0	1	12	27
Total	47	14	17	35	113
% cada subdirección sobre Galicia	42%	12%	15%	31%	100%

A provincia con maior número de falecidos en accidente é a de A Coruña cun 41,5% do total de falecidos en Galicia.

Como vemos o perfil dos falecidos por accidente de tráfico segue a ser masculino, xa que falamos dun 76,10% de homes fronte a un 23,8% de mulleres, e dicir os homes representan máis do dobre cas mulleres.

Ademais hai unha notable diferenza no tipo de usuario de vía segundo se trate de homes ou de mulleres falecidas.

Distribución dos accidentes de tráfico por tipo de usuario e sexo

Datos das mortes de accidentes de tráfico por tipo de usuario e sexo - Galicia				
Sexo	Tipo de usuario da vía			
	Conductor	Pasaxero	Peatón	Ciclista
Home	62	11	12	1
Muller	9	6	12	0
Total	71	17	24	1
% homes sobre total de persoas	87%	65%	50%	100%
% mulleres sobre total de persoas	13%	35%	50%	0%

Segundo os datos o maior número de falecidos é o dos condutores que representan o 62,83% , tralo que se sitúan os peóns cun 21,23%.

A tendencia en canto a distribución por sexos e a mesma doutos anos falecendo os homes mais como condutores 72,09% e as mulleres como peóns 44,4%.

Distribución dos accidentes de tráfico por tipo de vehículo e subdirección

Datos das mortes de accidentes de tráfico de condutores por tipo de vehículo - Subdireccións									
Tipo de vehículo	Subdirección							Galicia	% cada vehículo sobre total
	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo		
Turismo ou furgoneta	14	2	3	6	8	10	6	49	69%
Moto	3	1	2	2	1	1	4	14	20%
Camión	0	0	0	1	0	0	1	2	3%
Tractor	0	0	0	4	0	0	0	4	6%
Outros	0	0	0	0	0	1	1	2	3%
Total	17	3	5	13	9	12	12	71	100%

Os accidentes con turismos son os mais numerosos cun 69,01% , pero a porcentaxe en termos relativos como cabe esperar é o das motocicletas que supón un 21,12% do total de vehículos a motor.

Soamente rexistrouse o falecemento dun ciclista

Distribución dos accidentes de tráfico por tipo de accidente e sexo

Datos das mortes de accidentes de tráfico por tipo de accidente e sexo - Galicia					
Sexo	Tipo de usuario da vía				
	Atropello	Colisión	Saída de vía	Outro	Non especificado
Home	12	32	38	3	1
Muller	12	10	4	0	1
Total	24	42	42	3	2
% homes sobre total de persoas	50%	76%	90%	100%	50%
% mulleres sobre total de persoas	50%	24%	10%	0%	50%

A saída de vía e a colisión de vehículo son os tipos máis frecuentes de accidentes mortais.

Distribución dos accidentes de tráfico por mes e subdirección

Datos das mortes de accidentes de tráfico por mes da morte - Subdireccións									
Mes da morte	Subdirección							Galicia	% cada mes sobre total para Galicia
	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo		
Xaneiro	0	0	1	2	0	0	3	6	5%
Febreiro	0	0	2	1	0	0	1	4	4%
Marzo	3	0	1	0	0	3	3	10	9%
Abril	4	0	1	0	1	2	2	10	9%
Maio	1	1	0	0	2	0	0	4	4%
Xuño	1	2	3	3	5	2	1	17	15%
Xullo	1	0	0	3	3	1	0	8	7%
Agosto	1	0	0	2	2	5	1	11	10%
Setembro	1	0	3	1	0	0	1	6	5%
Outubro	3	0	1	2	2	3	1	12	11%
Novembro	3	1	1	3	1	0	3	12	11%
Decembro	6	1	1	0	0	2	3	13	12%
Total	24	5	14	17	16	18	19	113	1

O mes con mais falecidos foi Xuño (17) seguido de Decembro (13). O mes con menos falecidos foron febreiro e maio (ambos 4)

Distribución dos accidentes de tráfico por idade e sexo

Datos das mortes de accidentes de tráfico por idade e sexo - Galicia											
Sexo	Idade										Total
	0a 10	11a 20	21a 30	31a 40	41a 50	51a 60	61a 70	71a 80	81a 90	91a 100	
Home	1	6	12	11	10	14	11	12	5	4	86
Muller	0	4	1	6	2	3	3	5	3	0	27
Total	1	10	13	17	12	17	14	17	8	4	113
% homes sobre total de persoas	100%	60%	92%	65%	83%	82%	79%	71%	63%	100%	76%
% mulleres sobre total de persoas	0%	40%	8%	35%	17%	18%	21%	29%	38%	0%	24%

O maior número global de falecidos non se concentra nun único rango de idade, rexistrándose o mesmo número para os rangos de entre 31-40, 51-60 e 71-80. Nos homes o número prodúcese no rango de 51-60 e para as mulleres no de 31-40.

Estudo da influencia do alcohol e as drogas na xeración de accidentes de tráfico

Especial interese dedicamos a coñecer o consumo de alcohol ou drogas nos condutores, peóns ou outros usuarios da vía, que non sexan ocupantes, e que resulten mortos con ocasión dun accidente de tráfico. Neste estudo a colaboración dos axentes das FCSE que interveñen nos accidentes é fundamental: a finais do ano 2014 púxose en marcha unha colaboración coa a Garda Civil de Tráfico e coas Policías Locais con competencias na investigación de accidentes de tráfico, a fin de coñecer no momento de realizaren as autopsias, as circunstancias do falecido en relación co sinistro e tamén a modalidade de accidente acaecido.

Neste estudo inclúense peóns, e condutores, excluindo aqueles casos de morte diferida e/ou con tratamento previo o falecemento, xa que logo estas circunstancias invalidan os resultados do análise.

Os datos mostran que a porcentaxe de positivos é de 34 o que representa un 35,4%. Os psicofármacos detectados illadamente atópanse en rango terapéutico.

HALLAZGOS TOXICOLÓXICOS						
Alcohol	Alcohol + drogas de abuso	Alcohol + psicofármacos	Drogas de abuso	Drogas de abuso +psicofármacos	Psicofármacos	TOTAL
21	7	2	2	0	2	34

Consumo de alcohol, drogas e psicofármacos - Presentación por sexos

O consumo de alcohol e drogas nos usuarios da vía non pasaxeiros é distinto segundo se trate de mulleres ou de homes.

Dos 74 homes peóns, ou condutores, descartamos 10 por morte diferida. Dos 64 restantes, 29 homes resultaron positivos para tóxicos, 46,8%

Das 27 mulleres descartamos 8 por morte diferida quedando 19 para estudio resultando 4 positivos para tóxicos, 21,05%

Toxicoloxía: alcohol, drogas de abuso, psicofármacos e combinacións destas sustancias en condutores de todo tipo de vehículos, ciclistas ou peóns falecidos.						
Distribución por sexos						
	Alcohol	Alcohol + drogas de abuso	Alcohol + psicofármacos	Drogas de abuso	Psicofármacos + drogas de abuso	Pisicofármacos
Homes	17	7	2	2	0	1
Mulleres	4	0	0	0	0	1

Consumo de alcohol-Presentación por idade e sexo

A idade dos 30 positivos para alcohol, só ou combinado con drogas, reflíctese na seguinte táboa .

O rango de idade de entre 21-30 anos é o que mais positivos rexistra.

Dos 30 casos nos que se detectou alcohol só 4 son mulleres estando comprendidas 3 entre 31-40 anos e una de 51-60. En todos os casos o alcohol aparece como único tóxico.

	11-20	21-30	31-40	41-50	51-60	61-70	71-80
	2	6	8	3	4	3	2

Resultados cuantitativos da analítica de alcohol en sangue

Dos 30 casos positivos para alcohol descártanse 2 por non estar especificada a cuantía (1 muller e 1 home) quedando un total de 28 casos.

Non houbo ningún caso no que a cantidade de alcohol en sangue fora inferior a taxa permitida para os condutores en xeral (0,5 g/l en sangue o 0,25 mg/l en aire espirado)

Entre o límite legal e os 2 gramos de alcohol por litro de sangue, houbo 15 positivos. Nos 13 casos restantes superábanse os 2 g/l. De acordo coa literatura médico legal, estas cifras se corresponden con una intoxicación etílica sintomática, independentemente da tolerancia dos suxeitos. Pero, ademais, en 2 casos superábanse os 3 g/l o que indica una intoxicación moi grave

A relación entre a cuantía e o sexo mostra que no caso de 2 mulleres se encontraban no rango de 1,5-2 e no das outras 2 entre 2,5-3 , unha delas peón.

Dos homes, 3 encontrábanse nunha cuantía de entre 0,5-1, 9 entre 1-1,5, 2 de 1,5-2 e 6 de 2-2,5


Alcohol en sangre gr/l	Límite de alcohol permitido								
	< 0,5	0.5-1	1-1.5	1.5-2	2-2.5	2.5-3	3-3.5	3.5-4	>4
		3	9	3	6	5	2	0	

MEMORIA UNIDADE ANTROPOLOXIA

A Unidade de Antropoloxía Forense no 2021 realizou os seguintes tipos de actividades:

- 1) ACTIVIDADE PERICIAL: É a relativa a propia actividade profesional: O estudo de casos e a emisión dos informes correspondentes. **Rexistramos 20 casos.**

No 2021 a actividade pericial aumentou a 22 casos incluíndo as dúas exhumacións da Guerra Civil. No gráfico 1 e táboa 1 pódese apreciar a variación de casos



Táboa 1: Número de casos estudados pola UAF 2008 a 2021.

AÑO	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Nº CASOS	12	22	14	35	39	52	43	39	23	19	23	12	17	22

- 2) ACTIVIDADE EN DEREITOS HUMANS E ACCION FORENSE HUMANITARIA: Por primeira vez a UAF interviu oficialmente en tarefas de identificación de vítimas da Guerra Civil Española en Galicia a través dun Convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela
- 3) ACTIVIDADE ORGANIZATIVA: Refírese a todas aquelas actividades que teñen que ver coa organización do laboratorio e que inclúen desde a petición de medios materiais (búsqueda de referencias, contactos, emisión de escritos, etc.), ata a organización das tarefas administrativas

propias, así como a obtención directa de algúns medios materiais (contactos con servicios informáticos del SERGAS, servicios de Mantenimento, Limpeza, etc.). No 2021 reduciuse esta actividade o mínimo rutinario.

- 4) ACTIVIDADE DOCENTE y de DIFUSION: Participación novamente na 13ª Jornada Científica de la Asociación Española de Antropoloxía e Odontoloxía Forense. Impartiuse docencia ós alumnos do Master de la Abogacía y del Grado de Derecho de la Facultad de Derecho de la Universidadde Vigo en Ourense, participóuse no Master de Memoria Social e Dereitos Humans da UNED e publicáronse varios artigos científicos e difusión da materia nos Institutos.

- 5) ACTIVIDADE DE INVESTIGACION: Continuase a traballar no proxecto de investigación de *Esqueletización Fetal* contando con 11 casos (2 en 2021).

No 2021 iniciouse o proxecto *Aplicación del Teorema de Bayes a la identificación reconstructiva por edad en antropología forense*’, coa colaboracióncon el Instituto de Ciencias Forenses Luis Concheiro da USC.

Colabórase coa Universidade do País Vasco no estudo de terras e tecidos conservados, participando neste 2021 en 5 casos de análise de terras e 2 de cerebros saponificados.

Continúase a traballar con estudos de Georradar no estudo de obxetos enterrados.

ACTIVIDADE DOCENTE, INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E COLABORACIÓNS

Ademais da actividade pericial, o Imelga colabora na docencia, realiza investigación científica e colabora con outras entidades e organismos, proporcionando datos de gran interese sociolóxico.

Así, participa na formación práctica de estudantes do ciclo de formación profesional de Anatomía Patolóxica, dos estudantes de Psicoloxía e dos de Traballo social, e imparte varios seminarios os estudantes de medicina.. Doutra banda hai que facer referencia os alumnos de medicina que solicitan autorización para consultar datos do Imelga a fin de realizar os seus traballos de fin de grado. Neste sentido autorizouse o acceso os datos a unha alumna de medicina que presentou un proxecto de investigación de cara a elaborar o traballo de fin de grado.

Os médicos forenses están implicados na investigación e na produción científica, ben liderando determinados proxectos, ben colaborando con outros profesionais, proporcionando os datos necesarios para que estes leven a cabo súas investigacións. As colaboracións abarcan moitos aspectos da práctica cotiá, tanto en Clínica como en Patoloxía forense. Neste sentido presentouse unha solicitude para realizar un proxecto de investigación en relación con menores, que quedou pendente de aportación de documentación.

Finalmente, o Imelga colabora con outras entidades e organismos proporcionando datos de gran interese estatístico e sociolóxico, con importantes repercusións no desenvolvemento de programas de prevención sanitaria e de condutas de risco. O Imelga colabora activamente coa DXT e Garda Civil, no estudo dos accidentes de tráfico, e coa Subdirección Xeral de programas de fomento de estilos de vida saudables e a Subdirección Xeral de información sobre saúde e epidemioloxía, da Consellería de Sanidade, proporcionando información sobre causas de morte en xeral, e circunstancias da mesma nos casos de reacción adversa a drogas de abuso. Tamén colaboramos co INE no rexistro de mortes tendo por tanto a actividade laboral do Instituto unha vertinte epidemiolóxica de primer orde.

No pasado 2018 iniciáronse contactos coa Consellería de Sanidade para colaborar no programa de prevención do suicidio en Galicia, proporcionando datos pormenorizados dos falecementos en Galicia por esta causa. Neste 2020 intensificáronse os contactos e o Imelga forma parte do Consello Interdepartamental de coordinación para a prevención e a atención das condutas suicidas

Toda esta colaboración que vimos presentando desde fai anos, veuse afectada pola pandemia de xeito que no ano 2020 e no practicamente en todo o 2021. Nunha subdirección houbo alumnos de perfil técnico de anatomía patolóxica en prácticas, e noutra un alumno perfil psicólogo, sempre baixo a premisa de manter a limitación das interaccións persoais e traballar en grupos reducidos burbulla.

